REPSOL YPF

XIII. CONCURSO DE CONTOS

REPSOL - YPF

Segundo Premio en Versión Galega

Título: "SÍMBOLOS CELTAS"

Autor: MARCOS CASTRO QUIROGA.

Centro: I.E.S. Nº 1 de SARRIA (LUGO)

AÑO 2.000

LEMA: "' O MOTORISTA ESTABILADO "

TITULO DO TRABALLO : " SIMBOLOS CELTAS "

S I M B O L O S C E L T A S

-!Erguete axiña,veña,é hora de marchar segar!,senón chegades á restreba a media mañá.

Era cedo,moi cedo,aínda non entrara pola fiestra o primeiro raio de sol.O candil de gas estaba pousado riba da arca,acarón da cama.Xenxo baixouse da cama e con movementos toscos e despaciosos puxo o pantalón,cinguiuno á cintura cun atagallo,meteu a camisa de estopa e maila chambra de liño.

O rapaz baixou pola escada que unía a cociña co seu cuarto,viu como cada día o prato de papas e a ración de torta de millo que tanto lle gustaba almorzar.

Aquela voa que escoitara ó espertalo era a da tía Filomena,a cal afiaba os fouciños acarón da lareira.

Xurxo levaba o candil na man,púxoo riba dun escano,apagouno,e pasando por debaixo da gremalleira sentouse nun mesote,botou man do almorzo e foino rillando con ánimo.Estando comendo oiu o galo,sinal de que logo sería día,o rapaz sabía que cando esto acontecera tiña que estar segando en Comba.

As vacas estaban xunguidas e postas ó carro,seu pai deixárallas preparadas antes de marchar poñer polo can eses ferros quenon se sabe de onde veñen,xa que ninguén lles viu o comenzo,e dician que iban para Monforte; que por iles pasa unha máquina que leva a xente dentro dun lado para outro,lerias.

Xurxo saiu do curral levando a xogada pola corda,contaba traer a noite unha boa carrada de mollos,baixando pola Petada oiu cantar unha curuxa, o rapaz contestoulle cun aturuxo.El iba ledo,cantando a cantiga que oira dias antes na casa de Baixo,foubera unha ruada.

Cando chegou ó Campo sacou o tangue do peto e colleuno de auga,bebeu a pequenos grolos e respirou un momento.Cando ía polo camiño adiante fixouse que no Alto da Serra ían dous homes cara a parroquia de Freixo. Xurxo cavilou que serían osde Piornedo que lle ían axudar,cando chegou ó sitio viu que alí non había ninguén.

O rapaz segou durante un bon anaco,o sol comenzoulle a picar na cabeza sinal de que era o momento do xantar,a tía baixaba pola Petada co mego

na cabeza,o rapaz sentouse debaixo dun carballo,nisto viu de novo a dous polo Alto da Serra,era moi raro,a raia do mediodía ían tapados cun mandil e en dirección a Piornedo.

Chegou o xantar a donde o rapaz,leite mazado con patacas,que máis podía pedir.O raparigo larpeiraba axilmente,a comida facíalle esquencer todo.

A tarde buliu rápida e preto da noite o pícaro recolleu todo o que fixera ó carro e encamiñouse de volta a casa.Na fonte do Campo estaban as rapazas de Piornedo buscando auga cas selas,entre elas Xurxo víu á súa Uxía,unha rapaza alta e espigada que lle facía tremer as canelas.

-Xurxo:¿estarías todo o día en Comba?¿non si?.

-Si,alí andei todo o día.

-Logo non sabes que desapareceu o señor Julio do Coballo.

-Eu non sabía nada.

-Pois,xa ves,seica foi entre o lusco e fusco votar a auga e non voltou á casa.

-Entón eu vou rápido,haber se chegou meu pai para ir axudarlles a buscal

O rapaz seguiu camiño pero non antes de fitar en momento quedo cara a rapaza,logo con xeito deulle a espalda e marchou.

Cando o Xurxo chegou á casa o pai xa marchara para a Ribeira cos demais homes busca-lo desaparecido.

Estaban ceando cando chegou o pai,pola cara que traia non podía haber boas novas.

A narración dos feitos non foi demasiado extensa:Atopámolo logo de moit tempo de búsqueda na poza da Ribeira;fomos todos dar voltas polo sitio pero ninguén os viu,o can daba ó rabo acarón da poza;non repararamos en que faltaba un seixo do lugar.O pequeno máis pequeno fixouse en que habí un sinais moi raros no chan,alguén fora arrastrado desde o rego de arriba do prado ata a poza.

O Mario de Riba meteu a bara que levaba na man para saber se había algo no fondo e ó presionar,subiron á superficie unhas burbullas,achegando os fachos ó sitio ,viron que era un líquido vermello,sangue.Mario e eu collemos os ganchos que había alí de sacudir as castañas e con coidado metémolos no sítio,ó notar que prendían nalgo tiramos con forza,o peso era exaserado,pouco a pouco dediante dos ollos do seu fillo apareceu o defunto co rodo cravado na cabeza e o seixo pendurado do pescozo.

Entre todos os homes levamos ó Farruco ó leito;o velorio será as dez,e

tí e mais eu temos que ir Xurxo.

Cando foron as nove e media marcharon os dous cara Piornedo,alí acarón da entrada xa estaban rezando,eles puxéronse ó mesmo.

As oracións duraron preto de dúas horas.O frío da noite facía tremer ó rapaz,o camiño de volta ía ser longo,tería tempo a espelirse.

Pai e fillo deron o pésame a familia do falecido e con paso lixeiro andaron un cacho cara á casa sen dicir nada,cando levaban uns cincocentos metros andados un resplandor inmenso reflectiu no cristal dunha botella que había no camiño;ambos homes deron supetamente a volta e viron lume no pobo do cal acababan de saír.

Os dous deron a volta a correr todo canto o peito lles daba.

No pobo toda a xente andaba apagando,carreaban valdes de auga desde o pozo a casa incendiada,o rumor de xente era inmenso.

O incendio logo foi extinguido,alí Xurxo oiu comentar a dous homes que aínda non marcharan da casa:din que alguén lle prendeu lume ó defunto cando estaba na caixa,logo de que o crego marchara,a Uxía afirma ter visto votar fora da casa dous homes pola parte do ventano de atrás.

O rapaz coidou que era o momento de achegarse á rapaza disimuladamente, preguntándolle que fora o que acontecera,que vira,así tería a vendizón de oír uns minutos a súa voz.

Xurxo foi cara á dereita,alí estaba seu pai e díxolle -Pai vou falar un anaco coa Uxía.

-Vai-respostou o home.

Alí foi,un pouco máis aló do rebumbio estaba ela sentada riba dunha pa rede.

-Hola Uxía,¿que tal estades?

-Ben,bastante ben.

-Din que viches a alguén saír por detrás,¿sabes quen eran?

-Xurxo,vouche dicir algo que non quero que lle digas a ninguén,nin a teu pai,entendes o que che quero dicir.

-Si,entendo.

-Está ben,escoita.Ti lembras ó Benxamín,o de Toca que marchara facer as américas,e logo ó pouco tempo dixeran que morrera de fame.

-Si,algo deso teño en mente.

-Pois,aínda que esto semelle unha loucura estou case segura de que un dos que saiu da casa era él;fora noivo dunha das rapazas do Julio e dixeran que entre ela e o pai lle levaran todos os cartos que ía levar.

A rapaza seica lle trouxera unha chaqueta para que lle metera no forro os cartos de dúas vacas que tiña e vendera para marchar para aló,o Julio e ela disque lle encheran o forro de papeis e se quedaron cos cartos,o rapaz cando chegou aló non toña un peso,pero eu non crin que morrera así, sen ter que comer.

O rumor da xente incrementouse por un momento e sobre todas as voces escoitábase a da viuva,a cal berraba freneticamente.

-Vamos-decidiron os rapaces.

O entrar no pallar para coller algun viño e darlles os que participaran na apaga,a filla do Julio decatárase de que había algo raro nas paredes, alí unha chea de debuxos celtas foran pintados nas paredes con sangue. Nunca antes ninguén vira cousa semellante,alguén berrou:Esta casa está chea de meigas,a familia está condeada a desgracia ,e mellor que marchemos antes de que algo lles poida acontecer ós nosos.

Un aluvión de xente botouse a paso axil e meteuse nas súas casas,outros colleron os distintos camiños cara ós diversos sitios.

-Xurxo,é mellor que marchemos-dixo o pai.

-Agora vou pai,teño que falar con alguén.

O rapaz foi a donde Uxía e díxolle:-Atoparémonos dentro de tres horas na fonte do Campo.

-De acordo,alí estarei.

O camiño a casa foi sepultural,sen unha palabra.Deitáronse ó chegar,tentando non facer ruido para non sobresaltar á tía pola tardía hora.

Xurxo non pegou ollo e pouco despois ergueuse sixilosamente,atravesou a cociña e botou fora, quedara con Uxía unha hora máis tarde pero quería pensar,pensar na rapaza que lle facía vulir o corazón moito máis a presa aquela rapaza que cada vez que se lle achegaba o facía tremer.

O camiño cara a fonte durou case trinta minutos,para asombro de Xurxo a rapaza xa estaba alí.

-Xurxo,senta,e mellor que falemos.

-Si,é moito mellor.

-Uxía,contame todo o que sabes,así remataremos de contado.

-Está ben;onte a mañá eu ía buacar un feixe a debaixo das casas,cando í case chegando deime conta de que non levaba o biorto e metimme entre as xestas para facer un,neste momento oín a dous polo camiño,levantei a cabeza e fixeime nun diles,eran moi raros;o primeiro que vin era un home co cabelo da cor das laranxas que trai meu pai cando é a feira do Incio,

o outro home víao de espalda,tiña o cabelo cano,e era moi longo,moito; o maís raro era que ambos levaban cadanseu mandil polos ombros ,falaban do malpocado señor Julio e cando chegaron preto das casas puxeron as pre das pola cabeza e metéronse escorregadamente por debaixo da casa do Coballo.

-Si,eu lembrome agora de ver pasar dous pola Serra cando ía cara Comba.

-Pois xa ves,eu agardei alí ata que voltaron aparecer polo mesmo sitio as alancadas.Eu vinlle a cara ó máis alto,entón lembrei,!eu a iste téñoo visto nalgún sitio!.

Entón fun polo que ía buscar e cando voltei a casa fun mirar ó caixón de miña irmá,onde ten as fotos dos antigos noivos,alí estaba o retrato daquel home,deille a volta e puña:JULIO AIRA CACHARRON

-Xa entendo-dixo Xurxo-Julio voltou a vingarse,

-Si,iso penso,pero non podemos afirmalo sen ter certeza sobre iso.

Cada un dos rapaces marchou por seu camiño para candansúa casa.

Non entendo,cavilaba Xurxo,non sei como a Uxia me conta todas esas cousas,antes nunca falara comigo.O rapaz deu a volta a correr,dirixiuse polo camiño onde ía a rapaza,querría preguntarlle se voltaban verse aquel día para falar do tema.

O rapaz corría como levado do demo polo camiño arriba,de súpeto o raparigo freou en seco,oiu unhas voces da volta de máis arriba do camiño e un instinto innato fíxoo parar.Unha das voces era a da súa namorada,a Uxía,a outra voz non a recoñecía así que se arrimou a parede de arriba e estirando o pescozo,viu que o outro era o pai da mesma.O máis interesante foi escoitar a combersa:si pai,ese pailoco non desconfía nada,conteille o conto de que vira ó Julio e quedou apampado crendo que é certo, nunca cavilei que era tan parvo.

Fixeches ben,estenderase o conto e ninguén desconfiará de nós.

Xurxo non cabía en si de dor,a persoa na cal confiaba,xa que lle gustaba con loucura estaba o empregando dun xeito despreciativo.

¿Que é o que acontece?,¿de que diaño falanban pai e filla?,¿que razóns tería para cometer un asasinato?.

A mañá chegou case de súpeto,no pobo de Piornedo personouse a Garda Civil,ninguén saía das casas,Xurxo e seu pai foron ata o sitio para prestar a súa axuda se era preciso,facía falla moita xente para poñer de novo a casa en estado habitable;os voluntarios non eran demasiados,todos,

ou case todos,tiñan en mente un posible meigallo.

Uxía apareceu por unha beira da eira de dediante da casa do Julio,a rapaza dirixiuse cara Xurxo cun soriso de orella a orella,deulle ó rapaz os bos días.Non era posible,Xurxo non aturaba máis aquela situación,a rapaza estaba a rirse dil,era o momento de aclarar as cousas.

!Señores!-dixo o rapaz dirixíndose á Garda Civil-esta rapaza e máis seu pai saben de certo o que aconteceu aquí onte a noite,ela mesma acaba de me dicir que esta desexosa de explicarllelo aquí mesmo,para que todos nos enteiremos.

-Non digas burradas,rapaz,-berrou o pai de Uxía que escoitaba todo ó estar saíndo entón da casa.

Uxía botouse a chorar,o seu peito non resistía máis esa presión.

-Si,eu metei o señor Julio,-dixo Uxia,un salouco seguiu a afirmación-el non ía botar a auga,era a segunda vez que me seguia ata a Ribeira,eu ía as castañas e el disimulaba levando o rodo ó lombo;botouse a mín,agarrou me por detrás,eu non estaba disposta a permitir que me fixera o da outra vez,-a rapaza choraba a bagoa tendida-collin o rodo que o deixara apoiad contra o balo,boteime a correr cara a casa chorando,alí conteillo a meu pai e acordamos de voltar o prado para rematalo,fixémolo,logo tirámolo á poza-un momento de silencio,ninguén se movía-cavilamos que non ía facer dano a nimguén que empregaramos o morto da casa do Coballo ,logo recordamos a historia que contaba meu abó dun meigallo que estenderan sobre algunhas casas antigamente nas cales os mortas ardían e aparecía pintadas nas paredes de sangue,así ocurríusenos o dos SIMBOLOS CELTAS...

-Filla non.

Foron as derradeiras palabras que escoitei diles ata o outro día cando estaba co meu fillo na eira,etón voltaron a casa,pasaran dez anos na cadea,pero o meu corazón seguia esmaquizado de desamor.